

MONOS DE ÁFRICA


O MANDRIL: Viven nas selvas de África. Viven en grupos familiares e dormen nas árbores. Teñen a cara de cor vermello e ó macho pónselle máis vermello cando se enfada.

O mandril ten unha dentadura moi poderosa, pode matar un leopardo cos seus dentes.

OS GORILAS: Son os simios de maior tamaño. Os grandes machos poden chegar a medir 2 metros de alto e a pesar ata 200 Kg.

Moita xente pensa que son ferozes e perigosos, pero en realidade son moi amables e amizosos. Nunca pelexan entre si.

Aliméntanse case exclusivamente de follas. Viven nas selvas de África en pequenos grupos. O xefe de cada grupo é un vello macho co pelo do lombo prateado, polo que se lle chama "lombo prateado".



Os gorilas machos golpéanse o peito cando están enfadados ou cando queren presumir da súa forza. Pola noite fan a súa cama con polas e follas. As femias, as veces, en vez de facer a cama, dormen nas árbores.

OS CHIMPANCÉS: Son os nosos parentes más próximos. Viven en grandes grupos onde un macho, xeralmente o más ruidoso, é o xefe.



Son bastante grandes, os machos miden uns 170 cm e pesan uns 50 Kg. Son omnívoros.

Son moi intelixentes. Son capaces de fabricar e utilizar sinxelas ferramentas e de tirarllas paos ou pedras os inimigos. Tamén fabrican camas que van a utilizar unha tempada.

As veces cazan en grupo, se ven que teñen demasiada comida chaman a outros chimpancés petando nas árbores.

Os machos pelexan entre eles con frecuencia pero as femias non.

O MONO COLOBO: Vive en África tamén. Come só follas, pero come moitas. Ten un enorme estómago. Tarda moito en facer a dixestión, polo que pasa moito tempo sentado.

As súas mans non teñen polgar, son como ganchos e moi potentes. Con elas vai de pola en pola.

COMPRENSIÓN

1. Contesta.

Cita os diferentes monos africanos dos que fala a lectura:

.....

¿Cal é o simio de tamaño máis grande? ¿Canto pode chegar a medir?

.....

¿Cómo podes recoñecer o xefe da manada dos gorilas?

.....

¿E ó xefe da manada dos chimpancés?

.....

¿Cal son os nosos parentes más próximos?

.....

¿Cómo son as mans do mono Colobo?

.....

¿Qué fan os chimpancés cando teñen demasiada comida?

.....

¿Por qué pasa moito tempo sentado o mono Colobo?

.....

2. Contesta V ou F:

- Os gorilas son animais moi feroces.
- O mandril pónselle a cara moi vermella cando se enfada.
- O mandril pode matar un leopardo cos dentes.
- O mono Colobo aliméntase de pequenos animais.

3. Elixe a resposta ou respostas correctas:

O Mandril:

- Vive nas selvas de Asia
- Vive en parella
- Dorme nas árbores

Os gorilas:

- Son uns animais moi amables e amizosos
- Son os simios más intelixentes
- As femias, as veces, dormen nas árbores

Os chimpancés:

- Nunca pelexan entre si
- Os machos pelexan entre si con frecuencia
- Machos e femias pelexan entre si con frecuencia

O mono Colobo:

- É o mono de tamaño más grande
- Non ten dedo polgar nas mans
- Aliméntase unicamente de follas

Os chimpancés:

- Teñen a cara vermella
- Poden fabricar ferramentas sinxelas
- As veces tíranlle paos ós inimigos.

Os gorilas cando están enfadados:

- Póñense vermellos
- Petan no peito
- Berran moi forte

ACTIVIDADES

- 1. Se ordenas as seguintes letras formarás palavras com sentido.**

Mnoo Coobol

nMdilra

cCmipn ah

raGilo

2. Escribe unha frase con cada unha das palabras anteriores:
As frases teñen que ser unha de 4 palabras, outra de 5, outra
de 6 e a última de 7 palabras.

.....
.....
.....
.....

3. Une;

O mandril é moi intelixente

O mono colobo nunca pelexa con outro da súa especie

O chimpancé ten a cara vermella

O gorila passa muito tempo sentado

- #### 4. ¿Serás quien de ler estas frases e escribilas?

Os gorilas son os simios de maior tamaño.

O mandril tem unha dentadura moi poderosa.

Os chimpanzés son os nosos parentes máis próximos e son moi intelixentes

5. Separa correctamente las palabras de estas frases:

Polanoitefanasúacamaconpolasefollas.

.....

Vivenengruposfamiliares,dormennasárboreseteñenacaradecorvermello.

.....

Podenchegaramedirdousmetrosdealtoeapesaratadouscentoskilos.

.....

6. Busca na sopa de letras:








mandril, gorila, chimpancé, colobo, simio, África, omnívoros

M	E	R	T	R	A	B	O	U	D	G
D	A	C	O	L	O	B	O	E	O	O
E	A	P	N	S	I	M	I	R	O	R
E	F	I	A	A	R	A	I	E	M	O
R	R	S	A	C	P	L	N	A	E	V
L	I	R	D	N	A	M	I	S	D	I
B	C	A	D	A	A	E	I	E	A	N
R	A	E	A	E	D	E	I	H	R	M
S	I	M	I	O	U	O	R	O	C	O
S	D	E	M	C	S	A	L	V	A	A

7. Rodea as palabras do recadro que se poden escribir coas letras de CHIMPANCÉ.

pan	chapa	pincha
cacho	pino	peña
chepa	amén	cocina
cena	can	caniche

8. So hai un gorila igual ó do modelo, atópao.



9. ¿Cántas palabras eres quen de escribir coas letras de:

FAMILIARES

10. O mandril pon a cara vermella cando se enfada, o gorila peta no peito e tí ¿que fas cando te enfadas?

11. Fala de algunha vez que te enfadaches. Con quen, por que, que fixeches....
